

GRACIÑAS MANOLO

Pois dasnos a oportunidade de achegarnos a centos de escritores ano tras ano. Este ano foron 165 traballos (83 en poesía e 82 en narrativa), todos eles van dende a profundidade do espírito ás inxedanzas da actualidade pasando por lendas, contos, etc.

Abrindo vieiros para todos aqueles que se queren achegar á obra comezada por ti, Manolo, e que segue a ser seiva viva polo vieiro da cultura Galega - Española.

Digamos que esta XII edición e coma un peregrino máis que, chegado ó Monte do Gozo, berra sen medo: ULTREIA (aglutinación de ultra e eia), que significa adiante; veña; sin pausa, como a roda do muíño do tempo que vai desgranando día a día, mes a mes, ata que de súpeto nos atopamos con “pero xa pasou un ano”, pois si, o tempo esmorécenos nas mans, coma si quixeramos agarrar auga e pechar a man.

Nembargantes, todo o que aluma este Certame Literario, NA TÚA HONRA, ten a virtude de arraigarse no tecido cultural, avivando a memoria do pasado e afincándose con fumaredas acesas nos camiños do tempo.

Ai! Manolo, supoño que dende a túa posición, a carón de Deus, estarás a ver con preocupación e tristeza o enfrentamento polas linguas, Catalán /Castelán, comezando tamén a controversia co Galego. Ti, Poeta-Escritor, que dende o teu coñecemento do Latín, Castelán, Catalán e Galego, linguas todas elas que ti soubeche modular, compatibilizar e usar, como CRONISTA oficial do Galeguismo en Cataluña. Aínda que a túa lonxanía do teo berce, fixo que primase o teu amor á Terra Nai, Galicia, converténdote nun dos referentes máis importantes da poesía Galega na emigración.

O gañador en Narrativa co lema R.MANNATA, cunha espléndida narración na que relata a crueldade da situación de tanta xente que vive na máis absoluta das miserias e arrisca a súa vida ó subirse a un caiuco para buscar una vida mellor, moitos deles ficando no intento, nun dos seus relatos di: “Devecía por entender outras linguas, que non entendía, e tamén me chegara que había moitas linguas e que calquera delas podía aprenderse, e soñaba que percorría o mundo composto de moitos mundos, cada mundo coa súa lingua e eu aprendía a fala de varios mundos distintos..... E no meu soño acadaba o país soñado, a terra longamente agardaba o mundo das moitas falas das xentes que falaban distinto e acadaba entender por que falaba coma eles.....” (D.Rafael Laso Lorenzo).

Que todos sexamos capaces de entendernos e convivir dende a diversidade de linguas e culturas co esforzo necesario e o sentido común preciso, facendo que os soños dunha vida mellor non se esfumen e serva para unir, e non enfrentar, como ti ben fixeches e fas, unindo cultura Galega, Catalana, Castelá... con pluma fina e amor sincero a tódalas culturas.

Paradela, 9 de outono de 2007

Xosé M. Mato Díaz.